

Libros

Obra de María Mariño

* María Mariño, *Obra completa*. Reeditada en Xerais no 2006 en edición da profesora Victoria Fernández Sanjurjo.

* María Mariño, *Antoloxía poética*. Patricia Arias Chachero realizou unha escolma de poemas para Galaxia

* María Mariño, *Más allá del tiempo*. A obra inédita en castelán de María Mariño recuperada neste 2007 por Alvarellos editora, cun estudo de Helena González.

Monografías sobre María Mariño

* Fran Alonso, *A vida secreta de María Mariño*. Unha biografía novelada da poeta publicada por Edición Xerais na colección Merlín.

* Xerardo Agrafoxo, *Biografía de María Mariño*, Editorial Galaxia.

* Xosé Agreló Hermo (texto) e Alfonso Costa (ilustracións), *Cantiga da costureira poeta*, Editorial Toxosoutos

* Carmen Blanco, *María Mariño. Vida e obra*. Publicada por Xerais en 2007 ofrece unha lectura de María Mariño que ten en conta os estudos feministas.

* María Pilar García Negro, *María Mariño no ronsel das escritoras galegas*, Editorial Laiovento

* Esperanza Mariño Davila, *Diccionario María Mariño*, Editorial tresCtres.

Máis sobre María Mariño na rede:

<http://www.17demaio.org/>

<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=7>



MARIA MARIÑO

CPI San Sadurniño
Maio 2007

DE NOIA AO CAUREL. A VIDA DE MARÍA MARIÑO

María Mariño Carou naceu en Noia o 8 de xuño do 1907, filla de Xosé María Mariño Pais e Filomena Carou Lado.

*Os seráns nas Rías Baixas
ollan con luz de aurora,
ca súa mirada queda,
silencio daquela hora.*

En 1939 casou co mestre Roberto Posse Carballido. Recén casados instaláronse en Elanxobe, preto de Guernica, por mor do traballo de Roberto Posse, que consegue o traslado a Galicia á mediados dos anos corenta, concretamente a Romeor do Caurel. No ano 1947 mudáronse para Parada do Courel, onde coñecen ao poeta Uxío Novoneyra. Finou vítima da leucemia en 1967.

*¡Alalá da lonxe eira!
¡Ruxir do preto curral!
Entre follatos de millos,
entre barbeitos e chans,
entre berros de meniños,
entre ruxir e ruxir
bórreos calan erguidos...*

MARÍA MARIÑO. DINAMITEIRA DA FALA

Uxío Novoneyra alcumouna así porque: "*preme, rompe, combate, bate a sintaxis convencional, destrivialisando a expresión, quizabes sabedora de que a esencia do noso idioma é a liberdade*". Esta ruptura das estruturas lingüísticas maniféstase fundamentalmente na desorde dos elementos sintácticos, na creación de palabras novas unidas por un guión e na frecuente utilización da metábase (utilización dunha palabra nunha función sintáctica distinta da que lle é habitual).

Eu sentía un lonxe triste.

VERBAS E PALABRAS. OBRA POÉTICA

En 1963, grazas as xestións de Uxío Novoneyra publicou o seu primeiro libro: *Palabra no tempo*. En 1967, xa gravemente enferma comeza a redacción dos poemas que formaran parte do seu libro póstumo *Verba que comeza*, que será publicado en Noia en 1990, vinte e tres anos despois da súa morte.

A poesía de María Mariño (na que se ten sinalado a influencia da poesía popular, de Rosalía de Castro e de Uxío Novoneyra) é profunda e radicalmente intimista, sendo a pescuda interior e a comunión coa paisaxe dúas das súas características fundamentais.

*Son a chuvia, son a neve, son o vento da xeeda.
Son alba daquel vivir,
boxe noite daquel sentir.*

O mergullamento íntimo alcanza un ton apesado e desacougante en *Verba que comeza*, libro presidido pola presenza constante da enfermidade e a morte.

*¿Quen manda na hora de boxe?
¿Quen manda?
¿Quen manda que non a atende?
Vou buscando,
busco mañá e no atopo, busco día
e non o vexo.
Todo cala afeito.
Non atopo a pouosa tarde nin sei do seu
barullo.
Quen me fala non o entendo.
Señor,
¿dime quen me levou?
Quen me levou que me volva,
que volva enteira de
Ti.
Herbiñas de prados frescos,
terras,
mares, mareas e cumes,
riachos de entre canellos, buscade de vós
o meu, meu soio.*

¡Xa vexo!

*Vou vendo.
Vexo día ca súa salve.
Atopei mañá -miña hora-.
Vai medindo o tempo as prantas.
¡Xa me din en verba aberta!
¡Xa me escoitan!
¡Xa en rendixa da noite se atui!*

¡Xa son!